

Paixón pola literatura

manuel vidal villaverde

Rafael, poderías bosquejar un breve retrato autobiográfico?

— Sempre digo que nacín nunha noite de invernía do mes de xaneiro do ano 1965 en Xinzo de Limia (Ourense), a vila atravesada polo antigo río Leteo que facía perder a memoria aos bebedores das súas augas ou a aqueles que tiveran o valor de atravesalas. Son fillo de emigrantes, coma moitos outros da miña xeración, e fun medrando a carón das historias de meigas, mouriños e tesouros.

que me contaban os meus avós, que talvez sen saberlo foron os primeiros en inculcarme a miña querencia polos contos. Dende os once anos resido en Vigo, unha cidade na que me atopo moi a gusto e que quizais me teña absorbido por enteiro. Son Enxeñeiro Técnico Industrial e desenvolvo a miña actividade profesional no eido da empresa privada.

— A literatura é a túa paixón?

— Si, non só a nivel da escrita, senón tamén a nivel de lectura. Amais diso, tamén está a pintura, actividade que me encanta e a que non podo dedicarle todo o tempo que me gustaría. Mais para dicirche a verdade, a miña lista de paixóns está encabezada pola miña muller e o meu fillo.

— Só narrativa?

— Si, polo momento si. É o xénero no que me atopo máis a gusto e cómodo. Penso que a razón disto está en que para mim é o que me permite unha maior liberdade, sen cotas, sen ataduras, mais isto non deixa de ser unha opinión per-

soal.

— Co ensaio e a poesía que tal te levas?

— Para ser sincero, o ensaio interéssame únicamente a nivel de lector e creo que neste campo teñen saído cousas moi interesantes nos últimos tempós. Agora ben, eu como autor non me vexo escribindo ensaio. Coa poesía xa é outra cousa, teno feito algúns intentos, que non sei se chegará a ver a luz... nunca se sabe.

— Despois de “Memoria contra Alzheimer”, tes previsto publicar proximamente?


— Pois si. Hai pouco que vén de sair outra novela que leva por título “A vida que non é”, que xa se presentou en Xinzo e en Vigo e que, en breve, tamén se presentará en Ourense. Por outra banda, agora mesmo estou corrixindo a maqueta doutra novela da que espero que haxa novas en pouco tempo.

— A literatura galega, en xeral, goza de boa saú-

de?

— Pois, sinceramente, eu penso que si. Baixo a miña modesta opinión, unha proba do mesmo é que cada ano saen do prelo máis títulos. Hai un conxunto moi bo de editoras e tamén unha importante cantidade de premios literarios que permiten dar a coñecer a novos autores.

Ademais creo que en Galicia temos un grupo de autores xa consagrados, cunha obra respaldada pola crítica e polos lectores. En calquera caso, nunca está de máis calquera apoio que se lle preste á nosa literatura e o que nunca sobra son as campañas de promoción da lectura.



O escritor e enxeñeiro técnico industrial Rafael Laso.

“A literatura galega goza de boa saúde. Unha proba do mesmo é que cada ano saen do prelo máis títulos (...) En calquera caso, nunca está de máis calquera apoio que se lle preste á nosa literatura e o que nunca sobra son as campañas de promoción da lectura”

***“Fun medrando
a carón das
historias de
meigas, mouriños e
tesouros que me
contaban os meus
avós, que talvez
sen saberlo foron
os primeiros en
inculcarme a miña
querencia polos
contos”***